

NOTA INFORMATIVA

Procesos selectivos de persoal de administración e servizos (PAS).

Como consecuencia da evolución da pandemia do virus COVID-19, a xerencia da Universidade de Vigo emitiu un comunicado o 16 de marzo determinando o adiamento, por un período mínimo de 2 meses, da celebración de probas selectivas nos procesos de selección de persoal de administración e servizos que se están desenvolvendo actualmente na Universidade de Vigo.

O 14 de marzo publicouse o Real Decreto 463/2020, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O punto 1 da disposición adicional terceira establece: *“Suspéndense termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento en que perda vivencia o presente real decreto ou, se é o caso, as prórrogas do mesmo.”*

O 27 de marzo ditouse resolución reitoral sobre a suspensión dos termos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o estado de alarma, estipulando no punto primeiro: *“a suspensión, con carácter xeral, dos termos e dos prazos para a tramitación dos procedementos na Universidade de Vigo, consonte ao disposto no parágrafo terceiro do dito RD 463/2020 ata que o mesmo ou as súas prórrogas perdan vixencia, o que impide durante tal período, especialmente, a publicación e/ou resolución de convocatorias que supoñan unha concorrencia competitiva de posibles persoas candidatas.”*

De conformidade co exposto, coa intención de ofrecer unha maior seguridade ás persoas aspirantes, así como para darlle máis marxe de actuación aos tribunais xulgadores dos procesos, unha vez se decreta o cesamento do estado de alarma ou, se é o caso, transcorran os 2 meses de aprazamento mínimo dos procesos, os tribunais deberán actuar do seguinte xeito:

1. Os tribunais daqueles procesos selectivos que xa tiñan establecidas datas de realización de exercicios, deberán comunicar á xerencia (consultapas@uvigo.es) as novas datas de realización tendo en conta que se deben publicar cunha antelación mínima de 15 días respecto a data efectiva do exercicio.
2. Naqueles procesos que xa realizaron algún dos exercicios, seguirase a pauta do punto 1, no relativo á publicación da data do seguinte exercicio ou proba.
3. Nos procedementos que non teñan iniciado a realización de exercicios, os tribunais atenderán ao establecido nas respectivas convocatorias, onde se dispón que o lugar, data e hora do primeiro exercicio se publicará cun mes de antelación.

Vigo, 15 de abril de 2020
A xerenta

